

Outono Fotográfico' 2015

Museo Etnolóxico

Ribadavia - Ourense

DECEMBRO 2015- XANEIRO 2016

*EMOCIÓNS, LEMBRANZAS,
INTERPRETACIÓNS.*

*Diferentes formas de achegármonos
á fotografía*



Ribadavia Museo Etnolóxico. Ribadavia-Ourense
Local Social «Igrexa da Madalena»

Horario: *Martes a venres : 12:00 a 14:00 h.
17:00 a 19:00 h.*

Sábados e domingos: 12:00 a 14:00 h.

A fotografía reproduce imaxes de xentes, circunstancias e ambientes. A fotografía logra réplicas aparentes da realidade, conxela momentos, capta detalles, idealiza as persoas ou, polo contrario, sinala imperfeccións, produce mágoa ou transmite ledicias cotiás.

A fotografía emociona a uns e esperta o interese e a curiosidade de outros. Axúdanos a recordar instantes e favorece, contrariamente, o esquecemento de situacións e persoas.

E case sempre motiva o comentario e a palabra. A palabra próxima ou o comentario e a análise distante. Como suxire Roland Barthes, a fotografía impresiona, provócanos un punzamento irracional e momentáneo, pero a podemos ollar tamén dende lonxe, facéndonos sentir alleos ao que nela observamos.

Hai fotos que nos meten dentro delas, comprometendo sentimentos e estimulando a palabra, e fotos que observamos dende fóra, motivando só reflexións, interpretacións e comentarios.



OUTONO FOTOGRÁFICO 2015

Coordenación xeral:



Coordenación en Ribadavia:



Museo
Etnolóxico
Ribadavia

Colaboran:

